



**UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

**FACULTADE DE CIENCIAS DA SAÚDE**

**GRAO EN TERAPIA OCUPACIONAL**

Curso Académico 2014-2015

TRABALLO DE FIN DE GRAO

**Exploración dos roles exercidos polas mulleres nun entorno mariñeiro e a súa influencia na percepción de saúde e benestar**

**Nuria García Lorences**

**Xullo 2015**

**DIRECTORA**  
**Bárbara Mansilla Barreiro**

## Índice

Resumo .....	5
Resumen .....	6
Abstract.....	7
<b>1.Introdución</b> .....	<b>8</b>
1.1 Antecedentes e estado actual do tema.....	8
1.2 Concepto de Rol.....	10
1.3 Concepto de Saúde .....	15
1.4 Terapia Ocupacional, saúde e rol.....	17
<b>2.Bibliografía</b> .....	<b>19</b>
<b>3.Hipótese</b> .....	<b>24</b>
<b>4.Obxectivos</b> .....	<b>24</b>
4.1 Obxectivo xeral.....	24
4.2 Obxectivos Específicos.....	24
<b>5. Metodoloxía</b> .....	<b>25</b>
5.1 Abordaxe metodolóxico. Tipo de estudo.....	25
5.2.- Papel do investigador .....	25
5.3- Poboación de estudo, criterios de inclusión e exclusión.....	26
5.4- Procura bibliográfica.....	27
5.5- Entrada ó campo .....	27
5.6- Método de recollida de datos dos participantes .....	28
5.7- Análise dos datos .....	29
5.8- O rigor metodolóxico .....	30
5.9- Aplicabilidade .....	31
5.10- Limitacións do estudo.....	31

<b>6- Aspectos éticos</b> .....	32
<b>7- Plan de Trabajo</b> .....	33
<b>8- Plan de difusión dos resultados</b> .....	35
Revistas Nacionais e Internacionais:.....	35
Participación en Congresos:.....	35
Difusión na comunidade: .....	35
<b>9- Financiamento da investigación</b> .....	36
9.1 Recursos e Presupostos.....	36
9.2 Posibles fontes de financiación da investigación .....	38
<b>10. Agradecementos</b> .....	39
<b>11.Anexos</b> .....	40
Anexo I: Estratexias de procura bibliográfica.....	41
Anexo II: Folla de información ao participante nun estudo de investigación.....	45
Anexo III: Consentimento informado .....	47
Anexo IV :Guión da entrevista en profundidade .....	49

## Resumo

### **Introdución:**

A Comunidade Autónoma de Galicia é coñecida pola influencia do sector primario, destacando os produtos que ofrece o seu mar. Moitos dos seus habitantes dedícanse profesionalmente á pesca, a maioría son varóns embarcándose durante un longo período en alta mar; mentres as mulleres se dedican a actividades deste sector dende terra. En moitas ocasións, as mulleres deben compaxinar a súa vida laboral coa persoal, exercendo así diversos roles que poden repercutir no seu benestar e saúde.

### **Obxectivo:**

O obxectivo xeral deste estudo é explorar os roles específicos que executan ás mulleres nun entorno mariñeiro, e si estes repercuten no seu estado de benestar e saúde.

### **Metodoloxía:**

Este estudo está baseado nun enfoque cualitativo, baixo as premisas do deseño fenomenolóxico, empregando como ferramentas a entrevista semiestruturada e o caderno de campo. As entrevistas realizaranse ás mulleres empadroadas no litoral da Comunidade de Galicia e que teñan algún familiar que se dedique a pesca de altura.

Palabras Chave: Muller, Xénero, Rol, Saúde, Terapia Ocupacional e Pesca de altura.

## Resumen

### **Introducción:**

La Comunidad Autónoma de Galicia es conocida por la influencia del sector primario, destacando los productos que ofrece su mar. Muchos de sus habitantes se dedican profesionalmente a la pesca, la mayoría son varones los que se embarcan durante un largo tiempo en alta mar; mientras que las mujeres se dedican a actividades de este sector desde tierra. En muchas ocasiones las mujeres deben de compaginar su vida laboral con la personal, ejerciendo así diversos roles que pueden repercutir en su bienestar y salud.

### **Objetivo:**

El objetivo general de este estudio es explorar los roles específicos que ejecutan las mujeres en un entorno marinerero y si repercuten en su estado de bienestar y salud.

### **Metodología:**

Este estudio está basado en un enfoque cualitativo, bajo las premisas del diseño fenomenológico, empleando como herramientas la entrevista semiestructurada y el cuaderno de campo. Las entrevistas se realizarán a mujeres que estén empadronadas en el litoral de la Comunidad de Galicia y tengan algún familiar que se dedique a la pesca de altura.

Palabras Clave: Mujer, Género, Rol, Salud ,Terapia Ocupacional y Pesca de altura.

## Abstract

### **Introduction:**

Galicia is known for the influence of the primary sector, highlighting the products it offers its sea. So many of its inhabitants are professionally engaged in fishing, most males are embarking for a long time at sea; while is activities women engaged in this sector from the ground. Many times women must balance their work and personal lives, thus exerting various roles that may affect their welfare and health.

### **Objective:**

The general objective of this study is to explore the specific roles that women perform in a sailor environment and if affect their state of wellness and health.

### **Methodology:**

This study is based on a qualitative approach, under the premises of the design phenomenological approach, using as tools the semistructured interview and field notebook. Interviews were conducted in women who are you registered in the coast of the Region of Galicia and have a family that is dedicated to fishing.

Keywords: Women, Gender, Role, Health and Occupational Therapy, Fishing.

## 1. Introducción

### 1.1 Antecedentes e estado actual do tema

Galicia é unha comunidade autónoma coñecida pola influencia do sector primario como promotor económico na rexión, destacando os produtos que ofrece o seu mar para a gastronomía.

Moitos dos habitantes do litoral de Galicia dedícanse profesionalmente ao traballo no mar, o que require unha gran fortaleza física e mental.

Segundo datos do Instituto Galego de Estatística (Figura 1), o porcentaxe que se dedican á agricultura e pesca é do 50%, sendo o 32% varóns e o 18% restante mulleres, converténdose nun sector maioritario de varóns. En practicamente todos os sectores, os empregos remunerados son desempeñados por varóns.<sup>1</sup>




Figura 1. Poboación ocupada por sexo, grupos de idade e sector económico. Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Instituto Galego de Estatística.



De acordo con estes datos confirmase que a participación da muller no mundo laboral é significativamente inferior á participación do home. A muller na sociedade continúa, en moitos casos, exercendo un papel tradicional ou estereotipado, ademais de exercer traballos non asalariados<sup>1</sup>.

Débese ter en conta que o rol de xénero coñécese polas diferencias de sexos, no cal o concepto de xénero non se limita só ós aspectos anatómicos e biolóxicos, se non que é a *“categoría na que se agrupan todos os aspectos psicolóxicos, sociais e culturais da feminidade-masculinidade e que é produto dun proceso histórico de construción social”*<sup>2</sup>.

Dende fai séculos a muller desempeña un papel moi importante no sector da pesca, pero non sempre foi exercido con dereito a salario e a cotizar para obter os beneficios sociais que iso conleva. As actividades levadas a cabo polas mulleres no mar foron e seguen sendo moi extensas, pero dende terra, case nunca no propio mar. Incluso moitas desas facetas son consideradas propias do xénero feminino, como a confección de redes, a preparación do peixe para a conserva, venda do peixe fresco, o marisqueo a pé entre outras actividades.<sup>3</sup>

Actualmente moitas desas labores seguen sendo exercidas só por mulleres e algunhas delas continúan a ser pouco remuneradas economicamente, ou sen ter dereito a cotizar, e outras, como o caso do marisqueo a pé, só teñen dereito a cotizar na Xunta de Galicia dende fai 15 anos.

No sector da pesca, algúns mariñeiros dedícanse á pesca de altura, o que provoca que se embarquen durante un longo período de tempo. A situación esixe que teñan que marchar fora do núcleo familiar e sen poder manter un contacto frecuente coa súa unidade de convivencia. Esta realidade, moi usual no entorno pesqueiro, provoca que a muller se faga cargo do coidado da familia ademais de ter que compatibilizar as tarefas do

fogar e o emprego. Estas obrigas asociadas a cada un dos seus roles poden provocar conflitos que inflúen na súa calidade de vida e saúde física e mental.<sup>4</sup>

As conclusións dun estudo realizado en Honduras no 2011 refire que “a sociedade pesqueira asigna ás mulleres eminentemente o rol reprodutivo e as labores do fogar, adicionalmente os roles de man de obra non cualificada dispoñible para os traballos de post-pesca”. A pesar das diferencias xeográficas e culturais, a muller segue exercendo un papel moi parecido nas diferentes culturas pesqueiras, imposto pola sociedade.<sup>5</sup>

A situación da muller na cultura pesqueira, pode ser a consecuencia do traballo do varón ausente durante longas temporadas inmerso na pesca de altura, polo que a muller se fai cargo do domicilio, coidado dos fillos e en ocasións compatibilízalo cunha xornada laboral. Actualmente non existe evidencia científica que determine que os roles da muller se ven modificados con a presenza do familiar no domicilio.

## 1.2 Concepto de Rol

Segundo a Real Academia Española (RAE), o concepto de rol é sinónimo de papel, que é definido como “*cargo ou función que alguén o algo cumpre nalgunha situación ou na vida*”<sup>6</sup>.

Aproximándose á disciplina de Terapia Ocupacional, a cal promulga unha estabilidade entre o medio, a persoa e a ocupación contribuindo así entre outros aspectos á promoción da saúde e o benestar da persoa. A explicación que concede o Modelo Canadense do Desempeño Ocupacional sobre o rol é a seguinte : “*Un patrón de ocupación definido culturalmente que reflexa as rutinas particulares e os hábitos, as expectativas estereotipadas dos roles poden promover ou limitar o potencial da persoa para o seu desempeño ocupacional*”<sup>7</sup>. Seguindo unha liña similar de actuación, o Modelo de Desempeño Ocupacional (Australia,2005) reflexa que os roles “*están determinados pola relación individual entre o suxeito, o ambiente e o desempeño. Establécense por*

*medio das necesidades e/ou eleccións e varían segundo a idade, habilidade, experiencias, circunstancias e tempo*".<sup>8</sup>

Kielhofner, no Modelo de Ocupación Humana, reflexa que *"a acción cotiá é influída polo feito de que cada un de nós pertence a sistemas sociais e actúa con eles"*. As persoas tendemos a "internalizar o rol", este concepto é definido polo mesmo autor como *"adoptar a identidade, perfil ou acción que pertenza a ese rol"*, dando un sentido ás relacións coa sociedade e o que esperan de nós.<sup>9</sup>

Existen diversos tipos de roles, pero os máis globais, que caracterizan ás persoas, son os roles sexuais, é dicir, son os comportamentos que se esperan determinados polo sexo biolóxico, mentres que os roles de xénero son definidos por Guzmán como *"expectativas sociais creadas en torno ao comportamento feminino e masculino. Son construcións sociais do que se espera o comportamento da muller e do home. Conteñen autoconceitos, características psicolóxicas, como os roles familiares, ocupacionais e políticos que asignan a un ou outro sexo acordo con as dicotomías que os separan e os consideran como opostos. Así, espérase que as mulleres sexan pasivas, dependentes e cariñosas, mentres que os homes agresivos, competitivos e independentes"*.<sup>10</sup>

A sociedade foi evolucionando nos seu pensamentos, pero aínda seguen existindo unha serie de ideoloxías en canto ós roles de xénero determinados polo entorno sociocultural. No contexto mariñeiro, as mulleres xeralmente, adoptan un papel secundario á figura do home.

Os roles de xénero poden variar dependendo da cultura, Segundo Broullón, existe unha configuración nas culturas pesqueiras nas que *"hai unha estrutura socio-sexual patriarcal centrada principalmente na institución do matrimonio, marco regulador das relacións entre sexos, onde o rol feminino continúa sendo por antonomasia o de esposa-nai. Respecto a posición ocupada do varón, na súa condición como seres sexuais, é dicir, como tales mulleres a causa da súa exclusión social é aquilo que leva a convertelas en "suxeitos menores" sociais, económicos, culturais e políticos, baixo o*

*tempo de espera e/ou de excepción, marcado pola presenza/ausencia do varón que navega no mar*".<sup>11</sup>

Segundo Forsyth e Gramling, nun estudo realizado a distintos membros de familias de mariñeiros de alta mar sobre as ausencias laborais do marido, renaceron cinco sistemas diferentes (Figura 2) como é a *alternancia de autoridade* entre a esposa e o marido, cando o home está embarcado é a muller quen se encarga de tomar as decisións no fogar, sen embargo, cando el está en terra esa autoridade exercea o home; en ocasións non existe acordo cando o marido está desembarcado polo que se pasou a denominar *autoridade conflictiva*. Outro tipo de mandato que se recolleu no análise consiste na *autoridade substitutiva*, no que o rol de marido/pai é exercido por outro membro masculino da propia familia mentres o mariñeiro está embarcado. Mentres tanto, noutras familias vese recollido que o marido aínda que este embarcado é o que leva o mandato no fogar, denominado *autoridade continxente*; para finalizar as diferentes autoridades recollidas no estudo, queda a *autoridade transferida*, que consiste en que a muller exerce os roles de pai e nai en todos os aspectos exceptuando o económico, o marido pasa a ser un "hóspede periódico" no fogar. Segundo os resultados do estudo, a maior porcentaxe que se frecuenta dar no entorno pesqueiro é que un familiar varón da familia acolla, de forma temporal, a autoridade e o mandato do fogar, sendo a segunda opción máis frecuente a autoridade conflictiva.<sup>12</sup>




Figura 2. Tipos de Autoridade. Fonte: "Las relaciones de un tripulante con el mundo exterior"

O mariñeiro, debido a súa profesión, ten que estar ausente no domicilio familiar, deixando a cargo a muller de levar a cabo as tarefas do fogar, o coidado dos fillos e conciliálo con a vida laboral. A pesar de todo, segundo refiren os datos do estudo anterior, a muller segue excluída na toma de decisións tanto no ámbito laboral como na súa vida privada<sup>11,12</sup>.

A muller no ámbito laboral, como consecuencia do rol de xénero e da cultura, no sector pesqueiro accede a postos de traballo pouco remunerados, xeralmente considerados pola sociedade como máis débiles e que requiren menos esforzo, chegando a ser en ocasións unha man de obra barata. Algúns dos postos nos que hai unha gran maioría de mulleres son, por exemplo, as fábricas de conservas, nos que frecuentemente teñen un contrato ou horario irregular e dependen, en moitas ocasións, das mareas e da temporada de peixe.<sup>11</sup>

As desigualdades de xénero mantéñense, nunha proporción menor que antano, pero continúan existindo, tanto no ámbito laboral como persoal<sup>11</sup>.

En 2005, a Organización Mundial da Saúde (OMS) baixo a Comisión sobre Determinantes Sociais, puxo en marcha unhas accións para emendar as desigualdades nunha xeración e loitar pola xustiza social<sup>13</sup>. Este concepto da por suposto que os seres humanos son seres sociais e se relacionan, ademais avoga pola equidade de oportunidades e acceso ós recursos reducindo as desigualdades<sup>14</sup>. Como primeira acción lóitase *para “mellorar as condicións de vida, é dicir, as circunstancias en que a poboación nace, crece, vive, traballa e envellece”*. Outra das accións que se pretende conseguir é que se fomenten medidas para *“reducir a exposición a riscos físicos e psicosociais, aumentar as oportunidades de gozar de saúde e benestar”*. Un dos aspectos que condiciona o cambio continuo do rol da muller nunha cultura pesqueira é o traballo do seu familiar que se dedica á pesca e que está longas tempadas embarcado sen estar no seu fogar, polo que un dos aspectos relevantes *“para alcanzar a equidade sanitaria fai falta un emprego seguro, sen perigos e ben remunerado e que se atope a*

*posibilidade de emprego ao longo de todo o ano e exista equilibrio entre a vida profesional e privada*". Outro dos aspectos a ter en conta é a desigualdade de condicións laborais á que está sometida a muller; *"as mulleres gañan menos que os homes, incluso con traballos equivalentes; as novas e as mulleres teñen menos oportunidades de emprego..."*.<sup>13</sup>

Segundo o explicado anteriormente, as mulleres nun entorno mariñeiro acceden a postos de traballo cun soldo inferior ou dependen directamente da economía da parella ou dun familiar, xeralmente varón. Poderíase falar de privación ocupacional, concepto que é explicado por Whiteford e Molineux como *"un estado de exclusión da participación en actividades necesarias e/ou significativas debido a factores que están fora do control inmediato do individuo"*.<sup>15</sup>

En moitas ocasións, as mulleres non acceden a postos de traballo debido ós diversos roles que exercen no fogar, porque segundo Barriento, Kabeer e Hossain *"Para moitas mulleres, as responsabilidades do coidado dos nenos representa o principal obstáculo entre elas e o mercado laboral remunerado"*. Datos de UNICEF revelan que as mulleres, en caso de acceder ao mercado laboral e desempeñando o mesmo emprego que os varóns, cobran entre un 20% e un 30% menos de soldo, ademais de continuar cos papeis tradicionais no fogar e no coidado dos fillos.<sup>13</sup>

En algunhas situacións pode ser incompatible exercer o rol tradicional da muller co de profesional, polo que se estaría a falar de Inxustiza Ocupacional. Este termo aplícase *"cando a participación na ocupación se limita, confina, restrinxe, segrega, prohíbe, subdesenvolve, deteriora, alínea, marxina, explota, exclúe ou limita de calquera modo"*. Considérase que a Inxustiza ocupacional está dentro do sistema de Apartheid Ocupacional; este concepto refírese *"á segregación de grupos de persoas mediante a restrición ou negación do seu acceso a unha participación digna e significativa nas ocupacións da vida diaria, baseada na raza, cor, discapacidade, procedencia nacional, sexo, orientación sexual, relixión, crenzas políticas, o status na sociedade ou outras características ocasionado polas forzas políticas, as súas consecuencias sociais, culturais"*

*e económicas, sistemáticas e dominantes, poñen en perigo a saúde e o benestar de individuos, comunidades e sociedades”*.<sup>16</sup>

Segundo os resultados dun estudo realizado a homes e mulleres sobre o tempo que dedican ás tarefas domésticas, as mulleres pasan máis tempo realizando actividades relacionadas co fogar, aínda que exerzan ou non un emprego fóra do domicilio, polo que frecuentemente recae maior carga na muller.<sup>17</sup>

Na situación da muller con familiares profesionais da pesca de altura, que xeralmente son varóns; as tarefas domésticas e o coidado dos fillos son papeis que executa a muller de forma íntegra durante a ausencia do familiar, ademais de ter que compaxinalo co seu oficio laboral.

Débese ter en conta que na vida cotián a muller acostuma a exercer múltiples roles polo que *“a intensificación de esta dobre carga ten implicacións para a saúde da muller, tanto en relación con a saúde laboral como coas consecuencias da falta de descanso e resarcimento”*, podendo chegar así a influír negativamente na saúde e benestar <sup>13</sup>.

Actualmente, non existe evidencia científica que corrobore a modificación de roles da muller cando o mariñeiro está no domicilio familiar, e se en caso de verse modificados repercuten ou non no seu estado de benestar.

### 1.3 Concepto de Saúde

A OMS, non considera que o concepto de saúde sexa solo antónimo de enfermidade ou afección, senón que define este termo como *“un estado completo de benestar físico, mental e social”*. Ademais, considera como fundamental que todo ser humano ten dereito a unha plenitude máxima de saúde sen estar condicionado polas características e condicións da persoa, conseguindo que todos os pobos acaden o máximo grado de saúde para lograr a paz e a cooperación entre as persoas e os Estados.<sup>18</sup>

Así mesmo, a Carta de Ottawa, en 1986, recolle que a promoción da saúde *“consiste en proporcionar aos pobos os medios necesarios para mellorar a súa saúde e exercer un maior control sobre a mesma. Para alcanzar un*

*estado axeitado de benestar físico, mental e social un individuo ou grupo debe ser capaz de identificar e realizar as súas aspiracións, de satisfacer as súas necesidades e de cambiar ou adaptarse ao medio ambiente. A saúde percíbese entón, non como o obxectivo, senón como a fonte da riqueza da vida cotián”.*<sup>19</sup>

Para promover a saúde, débense ter en conta varios aspectos como son a cultura, valores, costumes, tradicións mediante os cales a sociedade se desenvolve<sup>19</sup>. Estas características repercuten no desempeño das ocupacións, polo que en ocasións poden influír e verse afectadas á realización das actividades da vida cotián das persoas e polo tanto chegando a modificar ou variar os roles exercidos, e así, implicando a necesidade de adaptación.

Tal e como mostra a Comisión sobre os Determinantes Sociais da Saúde, no apartado de equidade de xénero, demóstrase que na sociedade actual aínda permanecen as desigualdades de xénero<sup>13</sup>. No caso das mulleres que conviven nun entorno mariñeiro, existe un claro estigma social sobre os roles de xénero, é dicir, espérase que esta debe desempeñar os papeis tradicionais e en ocasións combinalos cun oficio asalariado. Xeralmente este é exercido en desigualdade ós dos homes. Os prexuízos sexistas poden repercutir na muller de forma negativa no seu benestar e na saúde.

Como consecuencia da magnitude de roles que debe exercer pode verse afectada a saúde da muller tanto física como mental e ó seu benestar podendo resultar beneficiosa ou prexudicial.

Por outro lado un estudo mostra que os efectos negativos ou positivos de exercer diversos roles poden estar relacionados coas condicións en que estes se desempeñan, o significado que cada persoa lle outorga e o sexo que o desempeña debido ó estigma da sociedade sobre o rol de xénero<sup>20</sup>. Así mesmo, poden xerar consecuencias negativas en torno a saúde debido ó exceso de demandas por atender e a falta de recursos adecuados ou suficientes para o desempeño de roles.<sup>20</sup>



#### 1.4 Terapia Ocupacional, saúde e rol

O rol de sexo produce diferencias reprodutivas pero non supón a asignación dun comportamento determinado, o desempeño de roles e outras características entre varóns e mulleres. Xeralmente estes xorden como produto dunha asignación social, é dicir, do denominado rol de xénero. Os papeis sociais forman parte da cultura e o comportamento das propias persoas. O rol que se lle atribúe as mulleres levounas a unha desvantaxe, tanto no ámbito laboral como no social.

Tal e como se menciona con anterioridade, as demandas da sociedade á que é sometida a muller como a repartición heteroxénea de poder, traballo, falta de autoridade e decisión, entre outros efectos que repercuten a desigualdade da muller, poden provocar efectos nocivos para o seu benestar físico, mental e social afectando así á saúde global da persoa.

A saúde en xeral pode depender das condicións e da percepción dos roles que cada muller lle outorga ao seu desempeño.

O principal profesional que pon énfase na necesidade do equilibrio ocupacional satisfactorio para promover a saúde das persoas é o terapeuta ocupacional.

Segundo a Federación Mundial de Terapeutas Ocupacionais (WFOT), aclara que a *“Terapia Ocupacional contribúe á saúde global da sociedades e dos individuos, posibilitando exercer o dereito de dedicarse a ocupacións significativas e con propósito, sexa cal sexa o diagnóstico médico, o estigma social e o prexuízo”*<sup>21</sup>.

Polo tanto, a disciplina de Terapia Ocupacional, ve as persoas como seres humanos e creen que o compromiso que exercen cos roles, ocupacións que son significativas e útiles para os seres humanos no seu entorno, exercen un valor fundamental para a saúde e o benestar<sup>16</sup>. A práctica desta profesión empondera ás persoas para que cambien aspectos da súa

persoa, da ocupación e do ambiente en caso de que o benestar e a saúde da persoa se vexa afectada.

Algúns autores describen o concepto de “emponderamento” de forma diferente, segundo Carvalho é “ *a razón de ser a Promoción da saúde en canto a un proceso que procura posibilitar que os individuos e colectivos aumenten o control sobre os determinantes da saúde para, desta forma, ter unha mellor saúde*”<sup>22</sup>. Sen embargo, Sícoli e Nascimento argumentan que a través do empoderamento, a comunidade é capaz de asimilar un maior control nas características que poidan afectar á saúde, como son as persoais, económicas e ambientais<sup>23</sup>.

Así mesmo, este termo é definido no Modelo Canadense do Desempeño Ocupacional como “*procesos persoais e sociais que transforman as relacións visibles e invisibles para que o poder sexa compartido dunha forma máis igualitaria*”<sup>7</sup>.

Mediante o “*empoderamento ocupacional, as persoas poden desenvolver a súa autoiniciativa, independencia e confianza para tomar decisións sobre factores que inflúen na saúde*”<sup>23</sup>.

## 2. Bibliografía

1. Instituto Galego de Estatística [Sede Web] Galicia. [Actualizada en 2015; acceso 22 de Febreiro de 2015]. Disponible en : <http://www.ige.eu/web/index.jsp?paxina=001&idioma=gl>
2. Herrera Santi, P. Rol de género y funcionamieto familiar. Rev.Cubana Med Integr [Revista en Internet].2000 Decembro [23 de Febreiro 2015] ;16(6):568-573. Disponible en: [http://bvs.sld.cu/revistas/mgi/vol16\\_6\\_00/mgi08600.pdf](http://bvs.sld.cu/revistas/mgi/vol16_6_00/mgi08600.pdf)
3. Rial García S. Las mujeres, el trabajo y la familia en la Galicia moderna [Teses Doutorral en Internet].Santiago de Compostela. Universidade de Santiago de Compostela; 2012 [citado 12 de Febreiro 2015]. Disponible: <http://www.usc.es/revistas/index.php/ohm/article/view/619/610>
4. Feldman L, Vivas E, Lugli Z, Zaragoza J, Gómez O V. Relaciones trabajo-familia y salud en mujeres trabajadoras. Salud Pública de México[Revista en Internet]. 2008 [acceso 23 de Febreiro 2015] ; 50( 6 ): 482-489. Disponible en: [http://www.scielo.org.mx/scielo.php?pid=S0036-36342008000600009&script=sci\\_arttext](http://www.scielo.org.mx/scielo.php?pid=S0036-36342008000600009&script=sci_arttext)
5. Luna López,L. *Estudio de caso sobre el rol de las mujeres en comunidades pesqueras del Golfo de Fonseca, Marcovia, Choluteca.* [Proyecto de fin de grado].Honduras. Escuela Agrícola Panamericana; 2011[consultado 2015 Febrero 12]. Disponible en: <http://bdigital.zamorano.edu/bitstream/11036/408/1/T3111.pdf>

6. Real Academia Española. Diccionario de la Lengua Española. 23<sup>o</sup> ed. [Internet] Madrid; 2014 [acceso 20 de Maio de 2015]. Disponible en: <http://www.rae.es/recursos/diccionarios/drae>
7. Simó Algado S, Urbanowski R. El Modelo Canadiense del Desempeño Ocupacional I. TOG (A Coruña). [Revista en Internet]. 2006. [consultado el 20 de marzo 2015]; 3(3):127p. Disponible en: <http://www.revistatog.com/num3/pdfs/Expertol.pdf>
8. Castro, D., Orúidea, M. Modelo de Desempeño Ocupacional (Australia): Definición de Conceptos.[Internet]. 2005 [acceso 20 de Marzo de 2015]. Disponible en: <http://espaniol.occupationalperformance.com/wp-content/uploads/sites/5/Definicion.pdf>
9. Kielhofner G. Modelo Canadiense del desempeño ocupacional. Fundamentos Conceptuales de la Terapia ocupacional. 3<sup>a</sup> ed. Buenos Aires: Médica Panamericana; 2006. p 94-109.
10. Gúzman Stein, L. Roles Sexuales, Roles de Género y Poder. Instituto Interamericano de Derechos Humanos. Programa mujer y Derechos Humanos. [Internet] [Acceso 10 de Abril de 2015]. Disponible en: <http://www.ts.ucr.ac.cr/binarios/docente/pd-000124.pdf>
11. Broullon Acuna, E. La política sexual y la segregación ocupacional en las sociedades pesquera. Rev. Estud. Fem. [Internet]. 2011 [Acceso 10 de Abril de 2015]; 19(1):73-90. Disponible en: [http://www.scielo.br/scielo.php?script=sci\\_arttext&pid=S0104-026X2011000100006](http://www.scielo.br/scielo.php?script=sci_arttext&pid=S0104-026X2011000100006)

12. Rodríguez-Martos Dauer, R. Las relaciones de un tripulante con el mundo exterior. El buque mercante. Un análisis Sociológico. 1ed. Barcelona: UPC;1996,p. 144-178.
13. Organización Mundial de la Salud. Subsanan las desigualdades en una generación. Alcanzar la equidad sanitaria actuando sobre los determinantes sociales de la salud. Buenos Aires: Ediciones Journal; 2009.
14. Tundidor, M. Puntos de encuentro entre justicia ocupacional y social, exclusión de oportunidades, pobreza y salud mental. [Proyecto de Carrera en Internet]. Argentina: Universidad Nacional de Quilmes; 2013 Xullo [Acceso 15 de Maio de 2015]. Disponible en : <http://www.margen.org/suscri/margen69/tundidor.pdf>
15. Moruno Miralles P, Fernández Agudo P. Análisis teórico de los conceptos privación, alienación y justicia ocupacional. TOG (A Coruña) [revista en Internet]. 2012 [revista en Internet]; 2012 [2015 Abril 20]; monog. 5: [44-68]. Disponible en: <http://www.revistatog.com/mono/num5/teorico.pdf>
16. Kronenberg F, Pollar N. Superar el apartheid ocupacional. Exploración preliminar de la naturaleza política de la terapia ocupacional. Terapia Ocupacional sin Fronteras. Aprendiendo del espíritu de supervivientes. 1ª ed. Madrid: Panamericana; 2006. P 55-57.
17. Rodríguez Castro Y, Lameiras Fernández M, Carrera Fernández MV, Alonso Ruido P, Paz Porto E. Tiempo que dedican las madres y padres a las tareas domésticas. En: I Xornada Universitaria Galega en Xénero (XUGeX) .Roles de xénero en tempos de crise. Universidade de Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico; 2013. P. 379-385.

18. Organización Mundial de la Salud. Constitución de la Organización Mundial de la Salud. Nova York;1946.
19. Organización Mundial de la Salud. Carta de Ottawa para la promoción de la salud. Xenebra: OMS; 1986.
20. Gómez Ortiz V. Estrés y salud en mujeres que desempeñan múltiples roles. Avances en psicología latinoamericana 2004; 22(1):117-128.
21. World Federation of Occupational Therapists. Position Statement. Global Health: Informing Occupational Therapy Practice.[Internet]. Australia: World Federation of Occupational Therapists (WFOT); 2014 [acceso 5 de Marzo do 2015]. Disponible en: <file:///C:/Users/Nuria/Downloads/SQ%20Global%20Health%20informing%20of%20OT%20Practice.pdf>
22. Carvalho SR. Os múltiplos sentidos da categoria empoderamiento no projeto de Promoção à Saúde. Cad Saúde Pública 2004; 20: 1088-1095.
23. De Sousa Carleto DG, Pinto Bredariol AC, Côrtes C, Laís Ribeiro F, Ribeiro Guerra RM, Agostini R. El poder del ritmo: una estrategia de empoderamiento ocupacional. TOG (A Coruña) [revista en Internet]. 2012 [Consulta 20 de Maio de 2015]; 9(15): [p.13.]. Disponible en: <http://www.revistatog.com/num15/pdfs/original4.pdf>
24. Hernández Sampieri R, Fernández Collado C, Baptista Lucio P. Metodología de la investigación.5ª ed. México: Mcgraw-Hill;2010.
25. Araztamendi M, López Discastillo O, Vivar CG. Investigación cualitativa: manual para principiantes.1ª ed. Navarra: Eunate; 2012.

26. Pedraz Marcos A, Zarco Colón J, Ramasco Gutiérrez M, Palmar Santos AM . Investigación Cualitativa. Colección cuidados de salud avanzados. 1ªed. Madrid: Elsevier España; 2014.
27. Salgado, AC. Investigación cualitativa: diseños, evaluación del rigor metodológico y retos. *Liberabit*. [online]. 2007;71-78.
28. Declaración de Helsinki. Asociación Médica Mundial. Hong Kong,1989.
29. Convenio de Colaboración de Organizaciones de Terapia Ocupacional. Código Ético y Deontológico de Terapia Ocupacional. 2015[20 de Xuño de 2015]. Disponible en : <http://www.aptocam.org/images/media/cedto-para-revision-de-las-organizaciones-de-to-de-espana.pdf>
30. Modelos de consentimiento informado [internet]. Galicia: Xunta de Galicia. Consellería de Sanidade; 2011 [acceso 26 de Maio de 2015]. Disponible en: [http://www.sergas.es/MostrarContidos\\_N2\\_T01.aspx?IdPaxina=60048](http://www.sergas.es/MostrarContidos_N2_T01.aspx?IdPaxina=60048)
31. Amor Otero M, Arias Santos I, Cruz del Río J, Des Diz JJ, García Mayor R, Gómez Besteiro I et al. Normas de boa práctica en investigación en seres humanos. Guía para o investigador.Santiago de Compostela: Xunta de Galicia; 2007.
32. Ley orgánica de Protección de Datos de carácter personal. Lei 15/1999 do 13 de decembro. Boletín Oficial del Estado, nº 298, (14- 12- 1999).

### 3. Hipótese

Os roles que exercen ás mulleres nun entorno mariñeiro repercuten na percepción de saúde e benestar da muller e na súa calidade de vida.

### 4. Obxectivos

Mediante este estudo, preténdese abrir novas liñas de investigación de cara a unha intervención de Terapia Ocupacional.

A proposta deste proxecto realízase mediante un enfoque cualitativo e planeándose baixo o suposto de que os roles exercidos polas mulleres, que son familiares dun mariñeiro de alta mar, repercuten na promoción do seu benestar e saúde.

#### 4.1 Obxectivo xeral

O obxectivo xeral deste estudo é explorar os roles exercidos polas mulleres nun entorno pesqueiro e a súa influencia na percepción de benestar e saúde.

#### 4.2 Obxectivos Específicos

Os obxectivos específicos son os seguintes:

- Explorar os diferentes roles exercidos polas mulleres familiares dun mariñeiro de alta mar
- Indagar a percepción das mulleres familiares dun pescador de alta mar do significado que lle outorgan aos roles que levan a cabo, mediante as súas vivencias
- Identificar os posibles efectos no estado de saúde e benestar das propias mulleres emparentadas cun mariñeiro de alta mar
- Investigar posibles liñas ou enfoques de intervención en base ás necesidades ocupacionais da poboación de estudo



## 5. Metodoloxía

### 5.1 Abordaxe metodolóxico. Tipo de estudo.

A investigación abórdase dende unha metodoloxía cualitativa, para visualizar a perspectiva das persoas no seu contexto e entorno natural.

Enmárcase nun enfoque teórico-metodolóxico baseado no deseño fenomenolóxico, que segundo Bogden e Biklen explican que “*se pretende recoñecer ás percepcións das persoas e o significado de un fenómeno ou experiencia*”<sup>24</sup>.

A elección de este tipo de estudo, xorde pola necesidade de coñecer as experiencias e os roles que exercen as mulleres que viven nun entorno mariñeiro e que teñen familiares que se dedican a pesca de altura, en relación coa súa saúde e benestar.

### 5.2.- Papel do investigador

A investigadora ,en todo momento, debe respetar as opinións e experiencias das participantes do estudo sen emitir xuízos de valor.

Débese ter en conta a posición e o coñecemento da investigadora sobre o contexto e o entorno no que se vai levar a cabo o estudo.

### 5.3- Poboación de estudo, criterios de inclusión e exclusión.

A poboación de estudo, estará formada por mulleres que teñan algún parentesco con mariñeiros que se dedican a pesca de altura; empadroadas no litoral da Comunidade Autónoma de Galicia e que ademais consintan participar no estudo (Figura 3).

Empregaranse dous métodos non probabilísticos, mediante un móstreo intencionado ou de conveniencia, na que parte da selección dos participantes será realizado a propósito pola investigadora. Outro tipo de mostra empregado será o denominado “ Bola de neve” , na que unha parte dos participantes serán dados por outros participantes, previamente entrevistados. Realizaranse estes tipos de métodos ata alcanzar unha mostra suficiente para levar a cabo o estudo.

As participantes deben de cumprir os seguintes criterios de inclusión e exclusión:




Figura 3. Criterios de inclusión e exclusión. Fonte: Elaboración propia.

#### 5.4- Procura bibliográfica

Realizouse unha procura bibliográfica en diversas bases de datos e buscadores de Ciencias da Saúde e Ciencias Sociais, como son: PubMed, Dialnet, Pyscinfo, Eric, Scopus, Cochrane Library Plus (Anexo I).

Utilizáronse termos específicos (Mesh) para determinadas bases de datos: “OCCUPATIONAL THERAPY”; “ERGOTHERAPY”; ”DEEP SEA FISHING” “ROLE”; “HEALTH”; “WOMEN”; ”WOMAN” e en Español “TERAPIA OCUPACIONAL”; “PESCA EN ALTAMAR”; “MUJER”; ”ROL”;“ SALUD”. Para a elaboración da busca utilizáronse combinacións entres os diferentes termos e empregáronse operadores boléanos como son “Y/AND” e “OR”. Tamén se usou Google Académico para a consulta de artigos empregados na procura bibliografía.

Outra forma de obter bibliografía foi a través da denominada literatura gris, mediante consultas de documentos no Catálogo da Biblioteca da Universidade da Coruña e consultas en libros e páxinas Web específicas.

Como límites, nas diferentes bases de datos, establecéronse o idioma (Inglés, Portugués ou Español) e excluíronse artigos de opinión, cartas ao director e editoriais para centrar e acatar a busca nos documentos de maior relevancia.

#### 5.5- Entrada ó campo

Antes de acceder ó campo, realizárase un contacto coa Federación Galega de Confrarías de Pescadores, a cal loita polos dereitos, necesidades e intereses dos mariñeiros, e está dividida en 62 confrarías de pescadores nos diferentes pobos do litoral galego ; tamén se pedira colaboración coa asociación “*Rosa dos Ventos*” en Galicia, que agrupa ás mulleres de mariñeiros de varios puntos de España que defenden o traballo dos mariñeiros e reivindicán os dereitos do seus familiares que se dedican a

pesca. Actualmente, esta asociación ten representación no Parlamento Europeo, e está presente en encontros, xornadas e congresos tanto a nivel internacional como nacional, ademais de participar en revistas de índole internacional como é “BOGA”, formada por mulleres de pescadores.

O primeiro contacto coa Confraría e a Asociación será telefónico, no cal se lles informará a intención de levar a cabo o proxecto e requirir a súa colaboración para que exerzan de portadores, posteriormente cederase o correo electrónico da investigadora para facilitar a comunicación.

Unha vez establecidos os enlaces, accederase ó contacto directo coas participantes, que serán cedidos pola confraría e asociación, que correspondan co perfil do estudo e sempre co consentimento da propia persoa. Antes de comezar co estudo, débese garantir a confidencialidade e o anonimato a cada participante e explicarlles o contido e os obxectivos do estudo (Anexo II). As participantes que accedan a colaborar voluntariamente, deberán ler e autorizar o consentimento informado (Anexo III) para poder comezar o estudo.

#### 5.6- Método de recollida de datos dos participantes

A recollida de información realizárase no entorno da propia persoa, nun espazo neutro para a participante e a investigadora, e así evitar sesgar os datos da investigación.

As técnicas de recollida de datos, que se empregaran para desenvolver esta investigación, serán a entrevista e o caderno de campo.

Para obter a máxima información na recollida de datos, empregáranse as entrevistas en profundidade *“o cal o obxectivo é obter, mediante un encontro parecido a unha conversa, unha información relevante que nos permita a comprensión do fenómeno elixido en relación con os obxectos de unha investigación”*. A entrevista estará formada por preguntas abertas

coas que “ *se persigue a comprensión de experiencias ou situacións alleas, tal e como as expresan coas súas propias palabras os protagonistas*”.<sup>26</sup>

Anteriormente, realizarase un guiión para a entrevista (Anexo IV) onde se recolleran os temas principais a tratar como son, neste proxecto, as vivencias das participantes, os roles, as ocupacións e o estado de saúde. A entrevista comezará con preguntas mais superficiais, xerais e abertas para finalizar con preguntas mais profundas e concretas.

As entrevistas serán gravadas e posteriormente transcritas para a análise e interpretación de datos; esta información apoiarse co caderno de campo, onde se anotará información sobre o entorno e o contexto; xunto coas percepcións da investigadora, que non quedan reflexadas na gravación de audio durante as entrevistas.

Os materiais, que se empregarán nesta fase da investigación, serán unha gravadora, un caderno e dous bolígrafos.

### 5.7- Análise dos datos

Nesta etapa do proxecto, recompilarase a información obtida nas entrevistas e caderno de campo. En todo momento se manterá o anonimato das mulleres participantes, mediante códigos alfanuméricos. O obxectivo desta fase é recompilar a información para ordenala, sintetizala e interpretala.

A recollida de datos finalizará unha vez que se alcance a saturación teórica, é dicir, cando a información de novos participantes non transmita datos relevantes para o estudo.

A investigadora levará a cabo o análise das percepcións, pensamentos e experiencias, para responder a pregunta principal da investigación. Para iso, é necesario transcribir as entrevistas gravadas en audio en formato papel e as anotacións do caderno de campo. A continuación, procedérase a unha lectura para crear categorías a través da información obtida nas entrevistas segundo as semellanzas e diferencias no testemuño das mulleres participantes.

## 5.8- O rigor metodolóxico

Toda investigación deberá aportar e garantir calidade ao estudo, polo que debe someterse ós criterios de rigor metodolóxico. Estes criterios, en investigación cualitativa, baséanse en:

- **Credibilidade:** os resultados correspóndense coa realidade dos participantes. O valor dos resultados lográrase mediante unha descrición detallada do estudo, é dicir, mediante a transcripción textual do estudo e tendo en conta as anotacións do caderno de campo.
- **Confirmabilidade ou reflexividade:** para garantir que a investigadora exerza un papel neutral durante o estudo, e así, proporcionar que os resultados sexan correctos e non exista posibilidade de sesgo, mediante a mal interpretación da información ou risco a posibles xuízos de valor por parte da investigadora, as entrevistas serán gravadas en audio e posteriormente realizárase a transcripción textual do testemuño das participantes.
- **Transferibilidade ou aplicabilidade:** posibilidade e oportunidade de estender e ampliar os resultados do estudo a outras poboacións. Por iso, é necesario especificar a información da elaboración da investigación, incluíndo o entorno e as características das persoas participantes no estudo.
- **Consistencia ou dependencia:** Favorecer a constatación do estudo, no cal diferentes investigadores nun ámbito similar de estudo obteñan resultados semellantes. Desta forma, empregáranse estratexias de triangulación de informantes comparando distintos puntos de vista dende diferentes perspectivas, é así, asegurar a veracidade dos resultados.

### 5.9- Aplicabilidade

A presente proposta de investigación, pretende dar a coñecer a situación actual das mulleres que están emparentadas con mariñeiros de alta mar e viven nun entorno pesqueiro na Comunidade Autónoma de Galicia. O papel da investigadora, a cal se tería que desprazar ao propio entorno das participantes, para indagar cales son os diferentes roles exercidos por estas mulleres nun contexto pesqueiro, e se afectan ao seu benestar e saúde. A través deste proxecto poden xurdir necesidades non cubertas neste contexto social, polo que se poderían abrir novos campos de actuación para os profesionais da saúde, creando novas accións e programas que promocionen a saúde e o benestar enmarcado no ámbito comunitario.

### 5.10- Limitacións do estudo

As limitacións que se encontran neste proxecto son a falta de evidencia científica e bibliográfica en referencia ás mulleres e os roles exercidos nun entorno pesqueiro, así como á información referente ós familiares de pescadores de alta mar.

Outra limitación que xorde na elaboración do proxecto é a falta de tempo para a elaboración do proxecto.

## 6- Aspectos éticos

Para a elaboración deste proxecto seguiranse as seguintes consideracións:

Informarase ás persoas, Asociacións e Confrarías participantes dos obxectivos do estudo. De acordo a Declaración de Helsinki, a Guía das Normas da Boa Práctica en Investigación en Seres Humanos e ó Código Ético e Deontolóxico de Terapia Ocupacional , os aspectos éticos legais da investigación serán presentados na Folla de Información da investigación (Anexo II) é adxunto o Consentimento Informado (Anexo III) , dós cales se realizarán dous exemplares por participante (un para a persoa e outro para a investigadora). <sup>28-31</sup>

En todo momento, promoverase o anonimato das persoas participantes, amparadas pola Lei Orgánica 15/1999 do 13 de Decembro de Protección de datos de carácter persoal, garantindo a confidencialidade e o dereito a retirarse e abandonar a investigación en calquera momento (Anexo III) <sup>32</sup>. As persoas participantes facilitaráselles un código alfanúmerico para salvagardar o seu anonimato.



## 7- Plan de Trabajo

O plan de traballo deste proxecto terá unha duración de doce meses, dende Setembro de 2015 ata Setembro de 2016, deixando un mes de descanso para a investigadora (Táboa I). O estudo divídese en varias etapas:

- Etapa 1:
  - Selección do tema: Busca de varios temas de interese e eliminar por criterios de exclusión propios da investigadora.
  - Busca de bibliografía: indágase sobre o tema en bases de datos e literatura gris.
  - Redacción inicial do proxecto: Elaboración da redacción do proxecto, tendo en consideración a recollida de información da literatura.
- Etapa 2:
  - Entrada ao campo: Nesta fase do proxecto buscaranse os perfís de persoas que poidan participar no estudo tendo en conta os criterios de inclusión e exclusión.
- Etapa 3:
  - Recollida de datos: Recompilárase a máxima información posible das participantes coa axuda das entrevistas e o caderno de campo.
  - Análise de datos: obtida toda a información procedérase a analizar os datos conseguidos.
- Etapa 4:
  - Elaboración do informe final: Nesta etapa, recollese toda a información obtida nos procesos anteriores, plasmando os resultados recollidos e a conclusión.
  - Difusión dos resultados: Rematado o estudo é interesante mostrar os datos obtidos en diferentes medios relacionados con a materia ou que podan ser de interese.

Táboa I. Plan de traballo do estudo. Fonte: Elaboración Propia.

	Setembro Outubro 2015	Novembro Decembro 2015	Xaneiro Febreiro 2016	Marzo Abril 2016	Maio Xuño 2016	Xullo Setembro 2016
Etapa 1						
Etapa 2						
Etapa 3						
Etapa 4						

## 8- Plan de difusión dos resultados

Os resultados obtidos divulgaranse nos seguintes medios de carácter internacional e nacional:

### Revistas Nacionais e Internacionais:

- American Journal of Occupational Therapy (Am. J. Occup. Ther.). Factor de Impacto (JCR,2014):1.532
- British Journal of Occupational Therapy (Br. J. Occup. Ther.). Factor de impacto (JCR,2014): 0.636
- Scandinavian Journal of Occupational Therapy (Scand. J. Occup. Ther.). Factor de impacto (JRC,2014): 1.090
- Australian Occupational Therapy Journal (Aust. Occup. Ther. J.). Factor de impacto (JCR,2014): 0.846
- Revista de Terapia Ocupacional Galicia (TOG)

### Participación en Congresos:

- Congreso Internacional de Estudiantes de Terapia Ocupacional (CIETO). Alicante.2016.
- Congreso COTEC-ENOTHE (Consello de Terapeutas Ocupacionais dos países europeos -Therapy in Higher Education). 2016 Galway, Irlanda.
- World Federation of Occupational Therapists (WFOT). Maio 2018. Cidade do Cabo, Sur de Africa.

### Difusión na comunidade:

- Concellos do litoral de Galicia
- Asociación de mulleres de mariñeiros (Rosa do Ventos).

## 9- Financiamento da investigación

### 9.1 Recursos e Presupostos

A elaboración deste estudo estimase un coste total de 8,630 € (Táboa II).

Os recursos a utilizar dividiranse en: humanos, materiais e espaciais.

Dentro do apartado de recursos humanos, serán necesarios un terapeuta ocupacional exercendo o rol de investigador, coñecedor/a do tema a desenvolver.

Ademais, será necesaria a colaboración dunha directora para o asesoramento e guía na elaboración do proxecto.

A división dos recursos materiais necesarios están compostos por:

- Recursos didácticos: No que se engloban todo tipo de materiais de funxibles.
- Recursos audiovisuais: son necesarios para elaborar as entrevistas e gardar a información obtida nas entrevistas e posteriormente desenrolar o proxecto. O ordenador portátil utilizarase de forma gratuíta mediante os prestamos que facilita a UDC.

En canto ás viaxes, serán o presuposto para elaborar o proxecto e difundir os resultados en diferentes medios xunto cos desprazamentos, matrículas e dietas.

Táboa II. Recursos e Presupuesto necesario. Fonte: Elaboración propia.

<b>Tipo de Recurso</b>	<b>Descrición</b>	<b>Motivo</b>	<b>Orzamento</b>
Recursos Humanos	1 terapeuta ocupacional		0 €
Recursos Materiais	Recursos Didácticos	Material Funxible	400 €
	Recursos Audiovisuais	1 Gravadora	250 €
		1 Ordenador	0 €
		Internet	480 €
Viaxes	Proxecto	Desprazamento e dietas	500 €
	Difusión	Desprazamento, matriculas e estancias	7000 €
<b>Presuposto Total</b>			<b>8,630 €</b>

## 9.2 Posibles fontes de financiación da investigación

- **Fontes Públicas:**

- **Nacionais**

- Ministerio de Educación, Cultura e Deporte: Premios Nacionais de Educación para centros educativos. Convocatoria anual.
- Ministerio de Economía e Competitividad: Plan Estatal de Innovación Científica e Técnica e de Innovación 2013-2016

- **Autonómica**

- Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria : Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015

- **Provincial**

- Deputación de A Coruña : Becas de investigación da Deputación provincial de A Coruña. Convocatoria anual

- **Local**

- Universidade de A Coruña (UDC) : Axudas á investigación da UDC 2016
- Bolsas de la Deputación de A Coruña (investigación). Convocatoria anual 2016.

- **Fontes Privadas:**

- **Nacional**

- Banco Santander. Santander Universidades : Becas Santander Iberoamérica. Xoves Profesores e Investigadores

- **Autonómica**

- Fundación Barrié : Convocatoria de Proxectos Escolares

- **Locais**

- Fundación María José Jove : Proxectos de Educación e Formación

## 10. Agradecementos

Neste complexo proceso, a piques de cerrar unha nova e fermosa andaina da miña vida, quero agradecer a todos os que me acompañástedes, tanto para ben como para mal, por mostrarme o camiño que quero percorrer.

A Bárbara, agradecerlle os ánimos e a paciencia que durante este proceso me concedeu.

Agradecer ó Grado de Terapia Ocupacional que me puxera no camiño a sete fermosas e maravillosas persoas e terapeutas coas cales compartín momentos propios dun filme cómico, derivados en moitas ocasións, polas excesivas horas que pasabamos xuntas na facultade.

Dentro dese grupo, teño que destacar a dúas integrantes, coas cales compartín momentos que se quedarán en anécdotas e experiencias que recordarei toda a vida e algunha delas chegarán ós meus fillos e netos.

E por último, agradecer a miña familia TODO. Sen ela, seguramente eu non habería escrito os agradecementos do meu proxecto fin de grado.

## 11.ANEXOS



## Anexo I: Estratexias de procura bibliográfica

<i>Bases de datos</i>	<i>Estratexia de Procura</i>	<i>Resultados</i>
<i>Pubmed</i>	(Fishing[Title/Abstract] AND "Occupational Therapy"[Title/Abstract]	1
	(((((Fishing[Title/Abstract] AND ((woman[Title/Abstract] OR women[Title/Abstract]))) AND Role[Title/Abstract])) AND "Occupational Therapy"[Title/Abstract]	0
	(((((Fishing[Title/Abstract] AND "Occupational Therapy"[Title/Abstract] AND Health[Title/Abstract] AND women[Title/Abstract] AND Role[Title/Abstract]	0
	(((((woman[Title/Abstract] OR women[Title/Abstract])) AND ("Occupational Therapy"[Title/Abstract] OR "Occupational Science"[Title/Abstract])) AND "Deep Sea Fishing"[Title/Abstract] AND Health[Title/Abstract] AND Role*[Title/Abstract]	0

<b>Dialnet</b>	“Terapia Ocupacional” AND Mujer AND Rol AND Salud AND Pesca	0
	“Terapia Ocupacional” AND Mujer AND Rol AND Salud AND Pesca de altura OR “pesca alta mar”	0
	“Terapia Ocupacional” OR “Ciencia Ocupacional” AND Mujer AND Rol	0
	“Terapia Ocupacional” AND Pesca	2
<b>Scopus</b>	Fishing AND "Occupational Therapy"	2
	Fishing AND woman OR women AND Role AND "Occupational Therapy"	0
	Fishing AND "Occupational Therapy" AND Health AND women AND Role	0
	Woman OR women AND "Occupational Therapy" OR "Occupational Science" AND "Deep Sea Fishing" AND Health AND Role	0

<b><i>Pyscinfo</i></b>	Woman OR women AND "Occupational Therapy" OR "Occupational Science" AND "Deep Sea Fishing" AND Health AND Role*	0
	Fishing AND "Occupational Therapy" AND Health AND women AND Role	0
	Fishing AND woman OR women AND Role AND "Occupational Therapy"	0
	Fishing AND "Occupational Therapy"	1
<b><i>ERIC</i></b>	( "Occupational Science" OR "Occupational Therapy") AND (Woman OR women) AND "Deep Sea Fishing" AND Health AND Role	0
	Fishing AND "Occupational Therapy" AND Health AND women AND Role	0
	"Occupational Therapy" AND (Woman OR women) AND Fishing AND Role	0
	Fishing AND "Occupational Therapy"	0

<b>Cochrane Plus</b>	“Terapia Ocupacional” AND Mujer AND Rol AND Salud AND Pesca	0
	“Terapia Ocupacional” AND Mujer AND Rol AND Salud AND Pesca de altura OR “pesca alta mar”	0
	“Terapia Ocupacional” OR “Ciencia Ocupacional” AND Mujer AND Rol	15
	“Terapia Ocupacional” AND Pesca	0

## Anexo II: Folla de información ao participante nun estudo de investigación.

**Traballo de investigación:** “Exploración dos roles exercidos polas mulleres nun entorno mariñeiro e a súa influencia na percepción de saúde e benestar”.

**Investigadora principal:** Nuria García Lorences

Este documento ten por obxecto facilitar información sobre o estudo de investigación na que se invita a participar. Despois da lectura da información sobre este estudo a investigadora queda a disposición do participante co fin de resolver dúbidas que poidan acontecer.

### **Descrición do estudo**

O obxectivo deste estudo é analizar os roles exercidos polas mulleres que teñan algún familiar que se dedique á pesca de altura. Preténdese indagar se o feito de que un familiar este embarcado durante meses repercute nos papeis que desempeñan as mulleres chegando a influír no seu benestar e saúde.

O fin de este estudo é realizar o Traballo de Fin de Grado da disciplina de Terapia Ocupacional, coa intención de explorar os diferentes roles exercidos polas mulleres nun entorno mariñeiro e si repercute na promoción do benestar e saúde.

### **Participación Voluntaria**

A persoa que acceda a colaborar neste estudo, farao de forma totalmente voluntaria e desinteresada. Para participar no estudo é necesario que a persoa lea detidamente o Consentimento Informado. Trala lectura deste documento, pode aceptar ou rexeitar a participación no estudo; en caso de aceptar, debe firmar o Consentimento Informado. En caso de participar, pero en algún momento non quere continuar co estudo, pode abandonalo sen obriga e necesidade de dar explicacións, en caso de que esta situación acontecese debe poñerse en contacto coa investigadora.

### **Beneficios e riscos**

A participación neste estudo non terá ningún beneficio económico nin para o participante nin para a investigadora. Este estudo pode ser beneficioso para obter información para a Disciplina de Terapia Ocupacional abrindo novas liñas de investigación. Non se contemplan riscos de ningún tipo.

### **Confidencialidade**

Os resultados do estudo serán publicados para a súa difusión, pero en ningún momento se relevarán datos persoais dos participantes. Para evitar que tal feito suceda, recollerase a información en audio, para despois poder transcribila en papel e posteriormente codificarase a información. Unha vez rematado o estudo, calquera dato persoal dos informantes e as gravacións de audio serán destruídas.

### **Publicacións de datos**

Os resultados obtidos do estudo serán publicados no Traballo de Fin de Grado da investigadora Nuria García Lorences, e quedarán á disposición da Facultade de Ciencias da Saúde da Universidade de A Coruña.

Outro medio de difusión dos resultados deste estudo serán mediante congresos, publicacións en artigos, entre outros medios, coa finalidade de abrir novas liñas de investigación da disciplina de Terapia Ocupacional.

Para mais información, pode poñerse en contacto coa investigadora principal Nuria García Lorences mediante o teléfono XXXXXXXXXXXXX ou o correo electrónico XXXXXXXXXXXXX.

Moitas Grazas pola súa atención.

### Anexo III: Consentimento informado

#### *TITULO DA INVESTIGACIÓN:*

#### **Exploración dos roles exercidos polas mulleres nun entorno mariñeiro e a súa influencia na percepción de saúde e benestar**

#### *DESCRIPCIÓN XERAL DO ESTUDO*

Vostede vai a participar voluntariamente nunha investigación sobre a exploración dos roles exercidos polas mulleres nun entorno mariñeiro e a súa influencia na percepción de saúde e benestar, ademais de abrir novos camiños de investigación e laborais para os profesionais de Terapia Ocupacional.

Para participar é necesario que lea atentamente e acepte os requisitos esixidos para este estudo no seguinte consentimento informado.

Se acepta participar faráselle unha entrevista semiestructurada e individual coa investigadora, a cal quedara recollida nunha gravación de audio para a posterior transcripción, gardando en todo momento o anonimato e a confidencialidade da participante.

Os datos persoais e a información recollida durante a entrevista serán só coñecidos pola investigadora os cales serán totalmente destruídos unha vez finalizada a investigación.

O resultado final da investigación poderá ser publicada en diferentes medios de comunicación, pero sempre mantendo e gardando a confidencialidade dos datos persoais da participante.

A Identidade da participante será protexida tendo en conta a Lei Orgánica 15/1999 de 13 de Decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal, empregando así todos os datos persoais de forma confidencial.

En calquera momento da investigación ten dereito a solicitar a destrución da información extraída da entrevista se considera que vai en contra do seu anonimato persoal.

Unha vez lido o documento e acepta participar teña en conta que:

- A súa participación é voluntaria
- Se quere absterse a participar ou durante o estudo non quere continuar non recaerá ningunha obrigaón nin penalización sobre a súa persoa.
- Pode negarse a responder algunha pregunta realizada na entrevista.

A firma neste documento significa que a participante leu e decide participar na investigación aceptando as condicións anteriormente expostas afirmando que tanto participante como investigadora teñen unha copia do consentimento informado.

Nome da investigadora	Lugar	Fecha	Firma
-----------------------	-------	-------	-------

Nome da participante	Lugar	Fecha	Firma
----------------------	-------	-------	-------



#### Anexo IV :Guión da entrevista en profundidade

. Código:

. Idade:

. Estado Civil:

. Data:

. Lugar:

. Fillos:

1. No ámbito laboral, Que diferencias existen entre os homes e as mulleres para acceder a un posto de traballo no sector pesqueiro?
2. Que diferencias observa nas funcións que exerce o home ás da muller no sector pesqueiro?
3. A nivel familiar e persoal, determine cales son os roles que exerce o home e cales exerce a muller.
4. Cales son as actividades que desempeña no seu día a día?
5. Como inflúe no seu benestar e saúde a conciliación das actividades do coidado do fogar, actividades remuneradas e a vida familiar?
6. De que maneira se modifican as labores cando o seu familiar está embarcado e cando está no fogar?
7. Como repercute no seu benestar e saúde estas dúas situacións?